

Os Muíños de Xuga

Na Península do Morrazo


manuel aldao



Adicolle iste traballo os meus fillos Rosa Esperanza, Manoel, Beatriz e Ana, mais en memoria de Luis Javier escribobo en galego; pois lémbrome, que sendo un neno de catro a cinco anos, naquel entón que o falar castellano distinguía, -fai doce anos disto-, unha veciña díxolle ¿Por qué no hablas castellano, Javier?. A resposta foi contundente: "Non se me apega".

Vrau de 1.982





## Excm. Diputación Provincial de Pontevedra

En propuesta del Jurado Calificador, la Comisión Ejecutiva de Gobierno en sesión celebrada el día 8 de Octubre de 1932, acordó conceder el

Premio a la Investigación 1932

a D. Manuel Aldao Dostas

Por su trabajo: «Os muíños de auga na Península do Dorrazo».

Pontevedra, Día de la Hispanidad, 12 de Octubre de 1932

El Presidente,

fdo. Federico Cifuentes Pérez

El Secretario,


fdo. José María Jarama

LIMIAR


Non me moveu a facer este cativo traballo, unha intencion de historiar sobor de estes pequenos muiños, os mais de eles de regato, con unha nombradia que non vai mais alo do lugare onde estan asentados; anónimos na Historia. O meu obxectivo e moito mais sinxel e sentimental.

De neno acompañando a miña nai, e de mozo pola miña conta, fun moitas veces o muiño, e fixen muiñados de día e de noite. Sempre a frondosidade de aqueles parexes, a auga caíndo en forte torrenteira ou discurrindo mainamente, as pequenas pequenas cascadas que lle arrancan armoniosos sons, a típica construcion do muiño, que escondido antre o ramaxe pon a sifal da man do home nunha natureza virxen, compretando o paisaxe, - din ben nese entorno- , os carreiros e as pequenas pontes, as canles, o funcionamento do muiño, aquel rumm.., rumm.. da moa compasado polo cantarín "cacarexo", todo en armoni co conxunto, exercia sobre min un encanto máxico que me enchia de paz.

Lémbrome, que na primeira saída da miña terra, o volvere, xa de mañán, gozoso recorrin o camiño dos muiños, aqueles campos e aquelas baguadas polas que sentin tantas soidades cando estiven lonxe.



Os campos tan verdes e cuidados antes, están agora cheos de silveiras, toxos e broza, a moitos prantáronlle eucalitos. Os muiños derramados, asulagados, abandonados, os carreiros tapados polo ramaxe, silveiras e estrugas; tanto así, que se pode ir mellor pola conca de río que por eles.



Por iso, cando vou por estes paraxes pra min tan entrañablemente queridos e añoirados, non podo evitar a tirstura e un sentimento de culpabilidade. Sentimento de culpabilidade, posto que nos herdamos dos nosos devanceiros uns bens, unha cultura, unhas tradicións, un folclore, unhas normas, que anque non escritas, si moi respetadas por todos pras vivencias en comunidade; disfrutando duns bens, naturais ou non, comuns a todos, como son a auga dos ríos e regatos, as presas, os camiños, etc., que nos chegaron de séculos atrásin nos aportarlle nada e non fomos capaces de conservalos pra os nosos fillos. Toda esa vivencia, toda esa tradición, en solo dez anos acabouse completamente. A miña xeneración foi a última desfrutuaria de esa herencia.

Hoxe, cando movido polas mesmas soidades de entón, intento recorrer aqueles carreiriños que pola beira dos ríos nos levaban de muiño en muiño, e aqueles outros que iban polas cabeceiras dos costaneiros campos; invádeme unha tristura tan fonda, que non teño verbas nin talento pra expresala. Este sentimento, nace o non atopar os carreiriños de entón, non atopar aqueles verdes campos, case non atopar os muiños; e cando rozando silveiras e estrugas e apartando ramos chegas a eles, atopalos derramados, faltos de pezas, cotellado asulagado polas follas e maleza desa cinta de vexetación exuberante de loureiros, amineiras, olmos, bidueiros, aveleiros e salgueiros, que xalonan o discurrir dos nosos ríos e regatos.



Todos estos paraxes, onde a calquer hora do día ou da noite e en calquer época do ano atopábase con xente, ben porque iban a regar os campos, ben porque viñan ou iban os muiños, que o sere tantos e tan mestos, era moi raro que non viras a morteciña lus dun faroliño por aqueles carreiros da beira do río. Hoxe, nin de día nin de noite, non hai a que ir.

No hai dúbida que esa é unha responsabilidade coa que temos que pechar, pois arrastrados polas comodidades dos muiños movidos por enerxía eléctrica fomos deixando os de auga, arrastrados pola industria deixamos o campo, abandonamos as presas e esquecémonos dos repartos da auga para o rego das veigas de millo en cada presa, esquecémonos do reparto para campos e muiños, esquecémonos dos cursos polos que tiña que ir as avenidas os días de fortes chuvias, - ven estudiado que o tiñan para que as augas non se xuntaran e fixeran dano -, todo iso o esquecemos porque non está escrito en ningún documento; era transmitido de uns para outros, de pais para fillos. Aí a nosa responsabilidade de non sere capaces de deixarllo, de transmitirlo os nosos, o que herdamos a través de séculos. Rompemos o vínculo.

Cando nas palabras familiares, saíe o nome de algunha peza do muiño, esta ou aquela costume - que respetada por todos por todos era lei-, os meus fillos quedan moi estrañados e abraiados. Estas situacións foi o que me moveu a escribir estas liñas falando dos nosos muiños, que dado o estado de abandono a que chegaron, é, o meu parecer, tan importante dar testemuño da súa existencia, funcionamento, reglamentación, lexicografía das pezas, topónimos e asentamento, como afondar na historia buscando o orixen.

Vou ver neste traballo de describir todas as pezas do muiño, a función independente de cada unha e en conxunto, os distintos nomes polos que se lle coñece, un esquema xeral do muiño. Facer un inventario de todos os muiños que hai no Morrazo, mais ven que houbo soio vinte anos atrás, cos nomes propios polos que se lle coñece na actualidade. Este propósito foi o máis duro da tarefa, visiteinos todos no seu asentamento.

UN POUCO DE HISTORIA


Os muiños que vemos a estudar neste traballo, pouco podemos afondar na su historia, mais ben a herdaron, pois non son eses muiños aillados que centran sobor de eles a moenda de toda unha zona, non, son moitos e estan espallados de abondo inzando os nosos rios e regatos, como veremos no inventario. Nembargantes eles estan ahi e cumpre falar de eles xa que desempeñaron un primeiro papel no ecosistema da familia rural galega, e son peza importante no desenrolo e resurdimento do campo galego no seculo XVIII.

Lindei este traballo a Península do Morrazo, por proximidade e por sere unha bisbarra perfectamente definida, pola abundancia de muiños e porque quizais sesa a zona onde chegaron o mais grande abandono, xuntamente coas presas de rego, hasta o perigo de desaparecere. A economía de esta zona arrumbou para a industria, pesca de altura, mariña mercante, emigración a países europeos, etc.. Este novo arrumbamento da economía levounos a deixar baldeiras moitas leiras de cultivo, e sobre todo perdeu o campo o protagonismo que tiña na economía familiar, dándose o caso de que moitas veigas trabállanse e cultívase polo amor que moitos vellos lle teñen a terra e o feito de telas obriga a cultivalas. De calquer xeito o debalo dos nosos muiños escomezou sendo o millo deixou de sere elemento prioritario na alimentación humana. A este feito egadimos o estare os muiños en lugares afestados e de mo i defícil acceso, delí ven o abandono, e mais aínda o aparecere os muiños eletricos, eses cativos muiños que se poñen en calquer rencuchiño da bodega.

Dende que Triptolemus inventou o arado e se coeceu o valor alimenticio dos cereais, tanto para as persoas como para os animais domésticos, atopamos o muiño en todas aquelas comunidades con xeito de vida en reximenes agrícolas. O muiño e Bíblico.


Nos comenzos usaban simpres morteiros nos que esmagaban o gran, e así se nos presenta nunha estatua egipcia conservada no Museo do Cairo donde nos aparece unha muller axoenllada diante de unha pedra a xeito de cunco que cón outra mais pequena esmagaba o gran. Na fotografía da seguinte paxina podemos ollar unha forma moi primaria de muiño. Unha pedra plana, sobor da que se facia rodar xirando outra pedra cilíndrica.

Mais de este xeito tan primario de esmagar o gran facendo unha fariña tan brozma, axiña chegamos os muiños de mau moito mais perfeccionados e que permitia unha fariña de mais calidade, (Fotografías seguintes) e que os hebreus coñecían de tempos patriarcais e do que na Biblia atopamos citas de abondo: Libros Números (XI-8) "... lo molían en la muela .... ", Libro de Job (XLI-15) "... resiatente como piedra de molino ....". Para esta xente era o muiño instrumento tan necesario para o desenvolvemento das súas vidas, que é no Deuteronomio (XXIV-6) donde atopamos as palabras máis fermosas dedicadas ao muiño, a máis grande loubanza, e onde o Iza os valores máis altos, di: "... no tomaras en prenda las piedras del molino, ni la de arriba ni la de abajo, pues sería como tomar en prenda la vida ....". Ningun outro instrumento ou servizo do home tivo palabras tan fermosas, nun libro que foi credo espiritual de gran parte da humanidade.



Muiños de man. (Museo de Oseira)





Moiño de man. (Museu Etnografica de Oseira)

Nos muiños de man a laboura era moi dura, e paradoxicamente a moenda familiar facia a muller. Nos grandes muiños dispuñan de escravos para este traballo. En Roma foi fundamentalmente traballo de escravos ou de homes probes que se alugaban para esta laboura. O traballo da moa era sempre considerado como indioño, de persoas de baixa condición usándose a veces como castigo aldraxante: Homero na Odisea ( VII-103 ) "... habia en el palacio cincuenta esclavas, unas quebrantaban con la muela el rubio trigo ...", en Teofasto, Aristofanes e Plauto, igoalmente atopamos esas citas aldraxantes o oficio da moa; no Exodo (XI-1) "... y morira en el pais de Egipto todo primogenito .... hasta el de la esclava engargada de moler ...."; Profecias de Isaias (XLVII-1-2) "...ya no se te volvera a llamar la dulce, la exquisita. Toma el molino y muele la harina ... "; Lamentacione de Jeremias (V-13) "... han arrastrado la muela los muchachos ...".



Os romans chamabanlle os muiños de man " mola manuaría ", e tamén lles decían "Jeiromylos", e "jeiromylón", quizais porque según a tradición Myles inventou o arte de moer, foi o primeiro muiñeiro.


Os muiños movidos por bestas denominábanse "mola asinaria" e "mola jumentaria". A estas bestas vendábanlle os ollos para que non se amareasen.

Os romans de noi antergo coñecían o muiño de auga, o que denominában " mola aquaria " e " hidromyla ".

A primeira nomenclación histórica do muiño de auga, atopase nun poema de Atiper de Salónica, no ano 35 aC., referíndose o que estaba instalado no xardín do pazo de Mitridates VI, rei do Ponto hasta o ano 63 aC., sendo así o muiño máis antergo do que se ten testemuño fidediño.

Os primeiros muiños de auga eran de eixo horizontal e aproveitaban a forza da corrente do río para producir o movemento. Este xeito de muiño obrigaba a asentalo en sitios en que o río tivera bastante corrente e en ríos de forte caudal, o cal limitaba as posibilidades de instalación. Hasta fins do século III, principios do IV, non hai constatacións do uso do muiño de eixo vertical, anqueza Lucio Vitruvio Polio, arquitecto e inxeniero román, que viveu no primeiro século da era cristiá, na súa principal obra, "De Architectura", no tomo octavo trata de "Construcciónes hidráulicas", e presenta un esquema de muiño de auga de eixo vertical, tal como chegou a nos a través dos anos. Poucos inventos de inxeniería necesitaron tan poucas modificacións, e máis os muiños eléctricos que apareceron moitos séculos máis tarde, fundáronse nos mesmos principios, e só variaron a forza motriz xuntamente co sistema de aplicación da mesma. Xa agora, nos derradeiros anos de funcionamento dos nosos muiños, a algúns aportouse algún que outro artificio, como pórle unha caixa de bolas no loquete, regular a abertura da sateira dende o tremiñado, cativas reformas que en esencia non varían nen desvirtúan o funcionamento primario do muiño, e dito sea que esas reformas que cito, atopéinascada unha de elas nun só muiño.

Os muiños de auga do Morrazo, son todos de eixo vertical, agas do muiño de Pousada, chamado a "molinería", na parroquia de Santz Maria de Cela, no río do Mouro, que é de eixo horizontal, a xeito de aceña. De recente construción, non deu resultado e pouco ou nada moeu. O dono un tal Fazans, veciño de cela explotaba en reximen de maquia.



Muiño de Fazans. Río do Mouro, Cela - BUEU

### O MUIÑO NAS ANTERGAS LEXISLACIONES

Angue despois das fermosas parolas que lle adica o Deuteronomio nada podemos decir que o oupe mais, cumpre destacar a su importancia no desenvolvemento económico e cumpre sinalar, ademais da su utilidade, a función social desempeñada entre o campesiñado do noso país, prestacións que fixeron estar o muiño presente e sere obxecto de tratados en todas as antergas lexislacións e foros.

Do Foro Vello de Castela, están adicadas o muiño sete das oito leises que contén o título 1º do libro 4º.

O Foro Real, entre outras moitas disposicións, penaliza o quebrantamento de muiño axeno.

As Partidas regulaban o asentamento, prohibindo chantalos en rios navegables, permitindo nos outros ríos e regatos facer un muiño cerca de outro, sempre e cando non es estorbaran no disfrute da auga.

En Cataluña, el Reconoverunt Procères, privilegio concedido a cidade de Barcelona polo rei Pedro III de Aragón en 1283, entre moitas disposicións suprimía o dereito de "escubiera", que le permitía o muiñeiro, aferir o muiño, so pretexto de barcelo, quedándose con parte da farinilla. Estas situacións dábanse nos muiños de maquia, naqueles que o dono alugaba os servizos de moenda e cobraba ben en cartos ou en farinilla ademais da que afanaba co pretexto devandito.


Ampla era a lexislación que existía en Aragón. Según o Foro de Aragón, os enseres do muiño considerábanse como bens muebles. O extraño que reconstruía un muiño derruido en terreo axeno, e chegase a utilizalo, gañaría posesión con soio probar en calquer tempo que o dono do terreo entrou e saíu dúas veces no pobo ou nos arredores sin reclamar en contra. (Foro 3º de Prescriptionibus). O dono de un muiño non pode perxudicar, o dispor da auga, a outro que estivera asentado mais a baixo, se o dono de este último gañou o uso da auga.

O Foro de Navarra, dita curiosas disposicións sobre os muiños

e referente o uso da auga, asentamento de muiños novos, - que non se pode obrigar a parar se o red ucio dou xa tres voltas - , das presas, medidas, condicios da moenda, penas o muiñeiro, perdedas e menoscabos, reparacios, etc.

Igoalmente no Dereito Foral de Galicia tuvo o muiño o seu lugar, incluso, cando se fixo a Recopilación, no ano 1.963, que eliminou moitas disposicións anacrónicas e que carecían de uso, e pese que en esas datas os nosos muiños xa escomenzaban o seu debalo, aínda se conservou un curunchiño pos muiños de herdeiros, os mais frecuentes na nosa zona, Para estes muiños limitoulle a 6 horas a máxima partición, e decir, na repartición das horas de moenda, non podía haber un propietario con menos de seis horas.

A Ley de Aguas de 13 de San Xoon de 1.879, e de aplicación xeral en toda España e vixente hasta a recente data de agosto de 1.985, regulaba sobre todo o asentamento e establecía, que a concesión do permiso para asentar os muiños nos rios que o permitían, correspondía os gobernadores provinciales.



Un "canizo" do muiño. (Para que non entren pedras)

### ANTIQUIDADE DOS MOLOS MUIÑOS

Todos os muiños de este estudo, son pequenos e feitos para moer gran de millo, hai algun que outro que ademais da moa do millo tiña outra para moer centeo e trigo, aestes muiños coñecíanse polo nome de "albeiros", porque sacaban unha fariña moi ben descascada e moi branca, moi "alba", e como veremos no inventaria son moi poucos os que reciben este nome, en xeral, son todos fundamentalmente para moer millo.

O millo apareceu en Galicia no ano 1.504 traído das Americas a Mondoñedo por Dña. Magdalena de Luaces, namentras que o seu home, o Almirante D. Gonzalo de Castro o levaba a Asturias. Pouco a pouco foi espallandose o millo en Galicia, mais non alcanzou inzamento hasta fins do século XVII e enfado o XVIII. Ata aquí os cereais coñecidos era o centeo, cebada e o painzo, chamado despois "millo miúdo", para distinguilo do millo traído das Americas que tamen se lle chamou millo gordo.

Anque cultivabamos o painzo, centeo, cebada e avena, era en cantidades que non xustificaba tal abundancia de muiños. Mesmamente o millo painzo, tamen chamado "millo dos paxaros", non debía de tere grande entidade. No Codex Calistinus, (1.140), no libro 5º, primeira guía turística de Europa, cando describe os froitos que o peregrin vai atopar en Galicia, non nombra o millo, nin baixo a denominación de painzo, di: " ..... abunda o centeo. ". Foi o espandemento do millo, o novo cereal traído das Americas o que promoveu o resurdimiento do campo galego, ó que vai emparexado o crecemento demográfico das comunidades rurais e o inzamento dos muiños nos nosos rios e regatos.

En poucos muiños se atopan datas grabadas, a mais anterga que atopei e de 1.813, nun muiño que pertence o curato de San Andrés do Hio, na aldea de Vilanova; no mesmo muiño, debaixo da primeira, aparece outra de 1.884, posiblemente obedecendo a unha restauración. En Moaña no regato dos Redondos, atopei outra data de 1.829. Estas grabacions, anque non sesan completamente definitivas, reforzan a idea de que esa profusión de muiños en rios e regatos non debe sere anteriore o espallamento do millo, feito que se deu a fins do século XVII, a cabalo do XVIII.



Datas do muiño de Vilanova Parroc. de Hio

Na pregunta 14 de Interrogatorio do Marques da Ensenada, (1.752), Real de Legos e Real de Eclesiastes, contabilizamos 245 "Molinos harineros", nas seguintes parroquias do Morrazo:

Aldén San Ciprián . . . . .	8
Ardén Santa Maria . . . . .	12
Bon . . . . .	7
Bueu San Martiño . . . . .	37
Cela Santa Maria . . . . .	43
O Campo Santa Maria . . . . .	12

Coiro San Salvador .....	32
Cobres San Adrian	
Santa Cristina .....	3
Domayo San Pedro .....	21
Hio San Andrés .....	4
Moaña San Martiño .....	30
Meira Danta Eulalia	
Piñeiro Santo Tome .....	35
Tirán San Juan .....	1

Na actualidade inventariamos 359 muiños, e somos consecuentes de que deixamos de nomear uns quince ou vinte muiños, por estare moi desfeitos e haber deixado de moer fai moito mais de vinte anos. De calquer xeito, dende o Catastro de Ensenada en adiante, chantaronse, cando menos 114 muiños mais. Craramente vese que os muiños foron emparexados co inzamento do millo. Un feito que moi ben pudo sere motivo de nacemento de novos muiños ata compretar eses 114 que votamos de menos dende o Catastro a actualidade, foi a Desamortización de Mendizabal(1.836).

O Diccionario Geografico de Pascual Madoz, (1.846), lexicamente mais impreciso co Interrogatorio de Ensenada, ofrece a descripción industrial dos concellos do Morrazo, o referirise a Cangas, Marin, Moaña, e Vilaboa fala de "..... muchos molinos harineros.", soiamete o falar de Bueu nomea " ..... 9 molinos harineros". Nadescripción por parroquias, anque sin axustarse a realidade, e un pouco mais preciso é da os siguientes datos:

Ardán Santa Maria .....	6	Molinos	harineros
Cela Santa Maria .....	8	"	"
Cobres San Adrian .....		Varios	Molinos harineros
Cobres Santa Cristina .....	6	"	"
Campo Santa Maria .....	4	"	"
Coiro San Salvador .....		Molinos	harineros
Piñeiro Santo Tomé .....	12	Molinos	harineros


MUIÑO.-

Con este nome chamamos a construción que comprende todo o conxunto. Son unhas construcións pequenas de 6, 7 metros de longo por 4,5 de ancho. Todos de perpiaño con paredes dobres de hastra 65 centímetros de gordo. O tellado dunha soia pendente e de tella do pais, porta de entrada dunha soia folla na parede dun lado curto; na mesma parede en que está a porta hai unha pedra salente pra pousar o saco, - pouso, pousadoiro -. Nunha das paredes un ventanuco pequeno que non soie ser mais que a falla dunha pedra na parede.


Na pranta do muiño temos que separar dúas partes; tremiñado, do que falaremos mais a diante, e a entrada queé onde soie haber un catre pra poñer os sacos e repousar o muiñeiro cando vai de noite a moer.

Estes pequenos muiños - patarelos - son todos pra moenda de grau de millo - mourelos -, poden sere de cubo ou de canle. Son de unha soia pranta, pois a meu ver, a bodega non a podemos considerar como tal, xa que non e mais que unha cativa cabidade onde vai o rieiro, o reducio e outros aparellos do muiño. Xa no seu sitio describiremos a bodega.

Nos grandes muiños, naqueles que centran toda a moenda dun area, as construcións soien sere a vez vivenda do muiñeiro, mais iso non se da nestes muiños e si fan de vivenda, salvo rarissimas exceucions, non pasa dunha adautación de emerxencia.








Muiño en Trasouto.Rio do Bispo ( BUEU)

Esta fotografía amostranos un muiño que medrou a coste de deixar de selo. Na actualidade e unha vivenda e esprime orgulloso unha lanzal antena de televisión, mais o muiño esta mudo, o pasar a su veira non oimos o rum ...rum da moa nin o peñar do cacareso, nin sequera o murmullo da auga, que agora xa non chega a él, e vivenda pero perdeu a vida, e por moi argalleiro que se mostre, pardeu, non gañou.



Moinho en Trasouto Rio do Bispo ( BUDU )


Este moinho orixinalmente tiña dúas moas, unha de elas albeira, que lle daba bome o moinho, pois por sere tan escasa, o moinho que tiña inste lada unha de estas pedras de moer trigo e centeo, esta circunstancia daballe nome, e na maoria dos casos por tal se lle conocea. A este moinho sacaronlle unha das pedras, precisamente a albeira, e misturouse entre moinho e vivenda, dan testemuño do feito a chimenea que se erge encima do tellada e a ventana aberta na parede do norte, mais este en troques sigae conservando a su entidade de moinho, pois sigueu moendo, e é un dos poucos que ainde moe neste rio.

DEÑOMONACION DE CADA UNHA DAS PEZAS E PARTES DO MUIÑO NAS VARIAS  
ACEUCIONS SEGUN OS SITIOS.-


- (1) - RIEIRO, Ponte, Porca
- (2) - PENAS, Concas
- (3) - BODEGA, Cabouco, Ortego, Sarteo, Sarten
- (4) - REDUCIO, Rodicio
- (5) - TOUZO, Regatón, Vara, Arbol, Troulo, Touce
- (6) - GRILO, Aguillón, Porco, Piaña
- (7) - OBRADEIRA, Porca, Ovo, Ran
- (8) - PARADEIRA, Paradoiro, Villa, Enfesta, Espiteira, Pechadoiro
- (9) - SATEIRA, Bucil, Canela, Billote, Canal
- (10) - MORDAZA
- (11) - CUBO
- (12) - CRUCETA, Aliviadoiro
- (13) - GARDAPOO
- (14) - TREMIÑADO
- (15) - PE, Mooda baixo, Pedra fixa
- (16) - MOO, Móa, Capa, Volandeira
- (17) - CACAREXO, Traque, Tinsidoiro, Tarabelo
- (18) - BUXA
- (19) - OLLO
- (20) - LOBETE, Barrón, Levante, Veo, Lobato
- (21) - SEGURELLA, Segorella, Seborella
- (22) - QUENLLA, Caneta, Odella, Cangalleira
- (23) - MUEGA, Moega, Tamaia
- (24) - PARADEIRA - Fai conxunto co (8).
- (25) - CANIZO, Gradicela, Gradillo, Grade
- (26) - CANLE
- (27) - VARA

(..) - Número que leva no esquema xeral.


NOTA.- O nome que poño primeiro, e polo que se lle coñece en  
BUEU, e será o que nos remitiremos de agora en diante.



Detalle en seución



Detalle en seucción




Detalle en seución

(1) RIEIRO, Ponte, Porca.-

Recibe este nome un toro de pau mais ou menos rebusto, xeneralmente de carballo, que vai na bodega do muiño e fai de coxinete do eixo do reducio. Este pau atravesa a bodega e vai posto completamente no rio calzado con croios, dahi lle ven o nome de rieiro co que se coñece no Morrazo.

No medio do rieiro vai asentada a obradeira, e nunha punta vai xungida a cruceta.




Detalle do "rieiro", coa obradeira onde se apoya o reducio e o enganche da cruceta nunha punta.

(2) PENAS, Concas.-

As penas son as pezas en forma de cazoletas, que suxetas polos dous aros do reducio, reciben a auga que saíe con forza pola sateira e fai andar o muiño. Non todos os reducios teñen o mesmo numero de penas, pois soíen andar entre 20 e 25. Ouservese na foto a especial posición das penas no reducio e a forma conca que teñen.

Todos os muiños visitados, e foron moitos, tiñan as penas de ferro fundido, anque como poden vere na descrición do REDUCIO, houbo de pau, sendo todo o reducio.




(3) BODEGA, Cabouco, Ortego, Sarteo, Sarten.-

- 21 -

Como levo dito, todos estes muiños estan a beira dos rios e regatos, en terreos costaneiros, e como dixen o falar do muiño en xeral como construcion, ademais da pranta principal, teñen unha bodega, que non a consideraba pranta dado que é unha pequena cova de 1,00 mts. de ancho, 1,50 mts. de alto e 2,00 metros de fondo, pouco mais ou menos, pois como en todo hai diferencias de muiño a muiño. Pra facer a bodega sempre se aproveita o desnivel do terreo.

Na bodega vai o rieiro, o reducio con todas as pezas que o compoñen, a obradeira, o grilo, o touzo, a vara. Tamen vai na bodega a sateira e parte do arteluxio da paradeira.




Bodega na que podemos ver todas as pezas que van nela.




(4) REDUCIO, Rodicio.-

É esta unha das pezas fundamentais no aparello do muiño. Fórmase un forte armazón de ferro con ollo pra o touzo de for-esaxonal que por seis radios xungese a a un forte arco onde van tornilladas as penas, mais por fora leva outro arco tamen de ferro pra suxetar o outro extremo das penas. Os reducios teñen de 20 a 25 penas.



Reducio


O reducio pra tere un bo traballo ten que estare perfectamente apromado sobre o rieiro, e hai que coidar moito a posición pra que a auga pete ben nas penas o sair con forza da sateira. Pra conseguilo, metese un vara ven direuta polo bucil da sateira, e regulase de xeito que vaia direuta o medio e medio das penas, operacion que se fai ben incrinado a sateira ben calzando o rieiro hastra atopar a posición correuta. Deste xeito aproveitase prenamente a forza da auga e o muiño anda ben e rende na moenda.



Reducio completamente de pau

En todos os muiños que visitei, o reducio e as penas son de ferro, mais testemuños temos de que algúns tiveron de pau todo o conxunto. Na fotografía vemos un reducio completamente de madeira, atopeino en Raxó, exposto nunha taberna, pereguntei o orixen e procedencia del, e non me superon decir nada.

O muiño de "Avical", no río de N<sup>o</sup>ceda, en Bon, parroquia de Santa Maria de Beluso, extraordinario muiño do que falarei no inventario, tivo o reducio de pau, se gún declaración do dono. Rebusquei na bodega, movendo o lodo para ver de atopar algunha pena que me testemuñase tal feito, pero non atopei nada, quizais por sere de pau o estar derramado a auga o arrastrara río a baixo, ou quizais non cabei o suficiente, pois a bodega esta moi chea fango, e o valeirala a auga viña para a bodega dificultando o traballo. O non atopar tampuoco pezas de ferro, famos crêdo a que nos di o dono que moue neste muiño, e aseguramós que tiña o reducio de pau.



Muiño en Pielas. Cea.- Reducio de pau


Meses mais tarde dos hachados de estes reducios de pau, indo para Oseira, en Cea, no lugare das Pielas, vin perto da estrada que leva o mosteiro, un muiño no regato de Mirela; anque lonxe da bisbarra que estaba estudando, a inquedanza polos muiños empuxoume a veixar o regato a velo, quedei abraiado o atoparme con un muiño co reducio completamente de pau e moendo.

(5) TOUZO, Regatón, Vara, Arbol, Troulo, Touce.-

O touzo e o primeiro tramo de eixo do reducio. Soie sere un pau de carballo, deli o nome de "touzo", posto que touzal e sitio de carballos.

O touzo leva no extremo de abaixo o grilo, e no de arriba vai xungido a vara por unhas argolas de ferro e cuñas de pau. En todas as fotos que aparece o reducio vemos craramente o touzo. Na foto da bótega cos aparellos que van nela, vese o touzo, o grilo na parte de abaixo, e as argolas e cuñas que o xungen a vara.

(6) GRILO, Aguillón, Porco, Piaña



Grilo

E unha pequena peza consistente nun dado de ferro que vai metido no medio da parte de abaixo do touzo. Ten esa forma cadrada pra que no xire o andar o reducio. O cadrado remata en dúas puntas en caras opostas, unha e a que apoia na obradeira e a outra vai metida no touzo. Cando polo moito uso unha das puntas do grilo gastase, sacase, daselle a volta e pose a outra. Así evitamos ir o ferreiro cando menos un cincuenta por cen das veces por este motivo.


O grilo conven que este moi dereito pra un bo funcionamento do muiño. Contanme que antigamente algúns muiños tiñan por grilo un cr

croio de pedra. No Morrazo eu non o vin en ningún muiño.

(7) OBRADEIRA, Porca, Ovo, Ran

A obradeira é unha peza de ferro en forma de dado, que vai asentada no medio do rieiro. Iste dado ten unha pequena cavidade no centro de cada cara pra que se asente o grilo. Cando se gasta e deforma provoca o desapromo do rieiro, entón hai que cabiarlle de cara hastra gastar as seis.

O mesmo co grilo, antigamente era un croio duro.



Obradeira

(8) PARADEIRA, Villa, Enfesta, Espiteira, Pechadoiro. Páa

Todos estes nomes recibe o artiluxio de pararo muiño, anque o nome concretase na táboa que se pon diante da sateira.


Na muela -(23)- vai unha trampa que se move sobre un eixo -(24)-, Cando a muela está chea de grau, co peso baixa a trampa e tira do barazo do que pende a paradeira, pódooa por encima da saída da auga na sateira, que sae ceibe e peta nas penas facendo mover o muiño. Cando o grau que queda na muela e pouco e a paradeira que pende do barazo pesa mais, ista polo seu peso ponse diante da sateira e non deixa que a auga pete nas penas, entón a mío párase. Este e o xeito de parar o muiño pra que non ande valdeiro, - ande en van - , decimolle.

Moitos muiños non teñen a trampa na muela, pero si teñen a paradeira na bodega, e mediante unha vara sóbena e báixana. Craro está que este sistema non empide que o muiño ande en van, se é que remata o grau e non chegou o muiñeiro.




Muiño coa paradeira posta. Ouserven o espallamento da auga.

Nos muiños de canle, a "paradeira", tamen denominada "paa" nesta zona do Morrazo, componse unha vara que sae da parede por un buxeiro; no remate de esta vara e por debaixo, vai en cruz un toro de pau xungido por unha bisagra; por a parte de abaixo do toro leva unha lengoeta. Fixense na foto da dereita e ollaran esa cativa lengoeta que asoma pola parte de abaixo do cepo, parte mais escura centrada na canle. O empuxar pola vara, o cepo xira un pouco e mete a lengoeta na canle facendo rebousar a auga por fora. O saír da canle caseque toda a auga, a pouca que chega a bodega non ten forza para mover o reducio e o muiño para.



Paradeira do muiño de canle

É frecuente escoitar a expresión de : "... están a paa.", referendose a unha tenda, as regateiras na praza, ou a calquer que esté a vender, e que naide se lle acerque a comprar, ou a venta sesa pouca. A expresión e crara no seu significado, " estan paradas", e o orixen da expresión , na nosa bisbarra, tamen e craro; o muiño esta a "paa" cando ten a paradeira posta, cando está parado, sin traballar.



Muiño de canle coa paradeira posta. Ollen o rebouse da auga da canle.



(9) SATEIRA, Bucil, Canela, Billote, Canal.-

Como vemos no dibuxo é un embudo feito de taboas coa parte estreita d'irixida as penas do reducio. A taboa d'arriba móvese pra abrir ou cerrar - segun conveña - que saia mais ou menos auga. No vrau, cando o rio leva pouca auga e cando se cerra mais a boca da sateira pra que a xunte no cubo e saia con presión.

Esta regulación da boca da sateira, pode facerse porque a taboa d'arriba chamada lengoeta non vai cravada, mais non se move porque a suxetan as taboas lateraes forzadas polas mordazas. Unha vez posta a xeito, como esta sempre na auga, hincha e non se move, o mesmo cas mordazas.

A sateira vai cerrando o cubo, quen de por si embudase hastra rematar do tamaño da parte ancha da sateira, onde se axusta de xeito que non escape auga a non sere pola boca.

(10) MORDAZA.-



Son unhas pezas de pau, que en número de duas ou tres, leva a sateira pra que aperten as taboas lateraes e non deixen levantarse a lengoeta ca presión da auga.

As mordazas estan feitas co mesmo xeito cónico da sateira, e canto mais se despracen pra tras mais apertan as taboas lateraes, e sin cravos suxetan a lengoeta a vez ca deixan moverse cando faga falta.

(11) CUBO.-

Chamase asi o deposito que teñen os muiños pra xuntar a auga e que logo saia con presión pola boca da sateira.

O cubo pode sere de duas formas: Vertical, rematando nun bucil incrinado e cerrandose hacia a sateira; ou incrinado dende arriba estreitandose o final pra rematar na sateira. Fluxo de dar medidas porque hainos mois distintos con unha capacidade entre 3 e 5 m<sup>3</sup>. No rio Loira atopei muiños co cubo moi pequeno, mais como dispoñen de moita auga non precisan acumulala pra mover o muiño, bastalle con unha boca de sateira ampra.

Hai muiños que non levan cubo, a mesma canle pola que a auga chega hastra él, os tres ou catro metros baixa rápeda buscando a sateira. Esa incrinación sóupeta fai que a auga pete con forza nas penas. Estes muiños soien sere de menos rendimento na moenda.

(12) CRUCETA, Aliviadoiro, Afiridoiro

Hastra agora, todas as partes e pezas que fomos describindo do muiño estaban na bodega ou fora como o cubo. A cruceta xa está parte dela na pranta do muiño. Como ben se ve no esquema xeral, é un pau que baixa a bodega e engancha nunha punta do rie-ro, arriba, no tremiñado remata con un pau que lle fai cruz, dehi o nome. Co calcadoiro - sempre pau que fai de palanca - ou con un ferro levantamos a cruceta e vâmola calzando con cuñas; deste xeito ergemos a móo, que o deixar de fregarse co pe, anda. Desafferimos o muiño.



A cruceta ten dobre traballo, desaferir ou apear o muiño e regular a altura antre o pé e a móo pra outer a calidade de moenda que se quer.

(13) GARDAFO.-

Chamase así a parede de táboas que separa o tremiñado da entrada do muiño. Como o nome endica garda de ca fariña se espalle polo muiño.

En case que todos os muiños atopei esta parediña feita de ladrillos.

(14) TREMIÑADO


E a parte dá pranta do muiño onde esta éste, propiamente dito, ei decir, onde esta o pé e a móo, onde se encontra a muela pra botar o grau e onde cae a fariña. Noutros muiños mais grandes o tremiñado e unha especie de tarima que se erge do chau onde cae a fariña o sair do muiño. Nestes muiños patarelos a fariña cae directamente no chau, dehi que se chame tremiñado a toda esa parte da pranta do muiño.

(15) PE, Móo dabaixo, Pedra fixa.-

O pé, e un cilindro de pedra de 1,20 metros de diametro, pouco mais ou menos, varia de muiño a muiño o mesmo que altura. A cara que frega ca móo, leva unha pequena incrinación pra fora, facendoa lixeiramente convexa pra axudar a saída da fariña. Está furado polo medio que por onde pasa o lobete, a 15 cm. da cara darriba o burato faise de mais de diametro, onde leva a buxa .

O pé vai no medio do tremiñado asentado nas lousas que fan de teito da bodega, él mesmo fai tamen de teito. Cando se pon novo metese 30 ou 40 cm. a baixo pra podere ergelo a maneira que se vai

gastando co uso e as picaduras.



Pe do muiño. No medio venos a "buxa".


(16) MOO, M6a, Capa, Pedra volandeira.-

A m6o, e a pedra do muiño que xira, e co seu movemento tritura o gran e faino fariña.

Ten o mesmo diametro que o pé, e mesmamente un furado no centro denominado "OLLO", tamen coñecido por "tragante", por sere por donde entra o gran. A cara da m6o que frega co pé, ten un certo xeito conca facendo o "moente", que leva a mesma incrinación que o pé de maneira que o aparelamento sesa perfecto e o muiño traballe espallando a fariña por igual en todo o seu arredor.

No medio da cara conca, e a un e outro lado do "ollo", leva unhas moescas donde encaixa a "SEGURELLA", -caixa da segurella-.

Tanto para o pé como para a mío, procurábanse buscar pedras moiduras. No Morrazo collianse na canteira dos Avelaires, e das canteiras de San Lourenzo, nos montes da parroquia de Sampedro de Domaio. Outras canteiras, perto de nos, e de boa pedra para as moas eran as dos montes de Nogueira, perto de Mosteiro. En Xebe, terra de grandes canteiros, eran moi bo pedra par a os muiños as do Outeiro de Gondar, en Chan de Cesteiras, segun me conta o canteiro Honorio Sanmartín Fonta, que era natural de Xebe, anque desde mozo vivza en Bueu.



(17) CACAREXO, Traque, Tinxidoiro, Tarabelo, Tanxedoiro




Esta peza do muiño e unha das que con mais difrentes nomes se lle coñece; mais o meu ver, o mais onomatopeico, o mais expresivo do seu estar no muiño e CACAREXO, pois co seu tin tirin tin, e a voce do muiño, e o decirlle cacarexo, parés que dis que fala sin parar.

Como apreciamos no dibuxo, é un pau cabado que por un extremo vai xunguido a quenlla por un eixo no que xira, e o outro extremo peta na móo, quen o xirar, pola aspreza da pedra trasmitelle un vibradoiro a quenlla e fai sair o grau.

(18) BUXA.-

É unha peza cilíndrica de pau posta no ultimo tramo do pé, furada polo medio por onde pasa o lobete. Tén a funcion de axustar ben co lobete pra que a fariña no se vaia o rio. O mellor pau pra esta peza e o oliveiro, pero tamen se fan de buxo e de pau de figueira. Sempre se busca un pau aceitoso pra que engrase e o xirar o lobete no se queime. Certo é que como entra algun pol polvo da fariña o aceite que contén engrasa.



Detalle da buxa e o pé.


(19) OLLO.-

O furado que vai no medio da m<sup>o</sup>o, onde cae o grau, chama-se ollo. Cando o muiño moe mal e xunta o grau nel decimolle que - moe pra o ollo - .


(20) LOBETE, Barrón, Levante, Veo, Lobato.-

O lobete é o último tramo do eixo do reducio. É unha peza de ferro de 50 cm. de longo, prana no cabo que vai acuñaada na vara, e no outro ten un tramo cilíndrico pra que axuste na buxa - a que atravesa - e remata nun dado rectangular no que vai encastrado a segurella.

O lobete como todo o eixo do reducio, levanta ou baixa a m<sup>o</sup>o pra regular a moenda e tamen pra apear ou desaferir o muiño, delí o nome de levante co que tamen se lle coñece.



(21) SEGURELLA, Segorella, Saborella.-




Esta peza de ferro, coa forma que se ve no dibuxo, mide 35 cm. de longo por 7cm. de ancho, medidas medias, vai encastrada no lobete e nuns rebaixes que leva a m<sup>o</sup>o, - caixa da segurella -, e o xirar e reducio fai xirar a m<sup>o</sup>o.

O grau cai no ollo encima da segurella, o xirar esta marzha pra os lados e xo vai tragando a m<sup>o</sup>o, pois coa cruceta, e todo o eixo do reducio ergemos a m<sup>o</sup>o hastra pola nun bó punto

de moenda, e por ese pequeno espacio que queda antro pé e a móo vai entrando o grau.


(22) QUENLLA? Caneta, Odella, Cangalleira.-



Quenlla é muela como pezas separadas.

En moitos muiños, nos derradeiros anos de funcionamento, a quenlla e a muela fan unha soa peza. É a quenlla a canaleta que leva o grau hastra o ollo. Mediante unha vara con varios furados, ponse mais o menos incrinada segun a cantidade de grau que conveña que bote.

Inda sendo a quenlla e a muela unha soa peza, sigueselle chamando quenlla a canaleta que leva o grau o ollo. Neste caso a regulación da caída do grau faise con toda muela incrinandoa.



Dibuxo de muela e quenlla.

(23) MUEGA, Moega, Tamaia.-

Recepente onde se verte o grau pra moer. Ten forma de embudo, feito de táboas, ca parte estreita vertendo na quenlla, cando esta é peza aparte, ou rematando con ela cado son unha soia peza. Ten un tamaño de 75 cm. de lado na boca e de 10 a 15 cm. no lado na parte estreita que verte na quenlla. - Medidas de referencia - . Vai colgada nunha viga posta encima do muiño.

Na muela vai parte do arteluxio pra parar o muiño cando remata o grau, e que non ande en van.

(25) CANIZO, Gradicela, Gradilla, Grade.-

É un simple enrexado de paus, bastante mestos, que se pon na entrada do cubo pra que non entren pedras, terrons, cacharros e outros ouxetos que poidan atoare a saída da sateira. Cando se atoa a sateira da un traballo manifesto, pois hai que botar a auga por fora da canle e con unha vara longa, dende a bodega, zoscar na saída da sateira e moitas veces tere que sacar as mordazas.

Un dos muiños visitados, o do "Pasaxe", no rio Loira, ca inda moe, ten un canizo de ferro, e tres muiños mais a baixo, no mesmo rio, o de "Rosalino", que tamen moe, ten un dobre canizo de paus, como se ve na siguiente foto.



(26) CANLE , Presa.-

En moitos muiños, pra levar a auga dende o río o cubo vai por unha presa feita no propio terreo, pero noutros de mais difícil asentamento hai que construír unha canle de pedra, a veces construíndo un muro de soporte de varios metros de altura. Na seguinte foto vemos a canle do muiño "Da Maquina" no río de Verdeal en Domayo, montada sobre un muro de pedra de cinco metros de altura. É unha preciosidade de canle.



Canle do muiño "Da Maquina"

Ou sea, chamase presa cando se escava no terreo, e canle se é de pedras escavadas facendo canaletas.

O definir o muiño, decíamos que podía sere de - cubo - ou de - canle -. Poida parecer que caímos en contradición o falar de canle que leva a auga o cubo, mais non é así. Hai a canle de pedra que leva a auga hastra o cubo, como no muiño Da Maquina, e



que lles decimos muiños de cubo. Os muiños de canle son os que non teñen cubo, e a auga baixa rápeda por unha canle de pedra a buscar a sateira e as penas do reducio. Ilustramos o exemplo con unha foto do muiño Do Vaqueiro no rio de Verdeal en Domayo, onde vemos craramente que non hay cubo e si unha canle de pedra que baixa supeta entrando na bodega.




Muiño de "canle". Vaqueiro. Rio de Verdeal, Domayo

Nos muiños de "canle", moi ben pode chegar a auga a eles por unha presa e rematar nunha canle que a dirixe a sateira.

(27) VARA.-

É o tramo de eixo do reducio que vai antre o touzo e o lobete, xunguindos. Un pau de carballo de 7 ou 8 cm. de gordo e 50 cm. de longo, vai acuñado no touzo e xunguido a el por uns aretes de ferro, o mesmo polo outro cabo o lobete. Ten a funcion de facilitar o manexo do reducio.



Muiño de canle

Na devanceira fotografía vemos como a canle que denle a presa leva supeta a auga o muiño, entra na bodega e dirixia directamente as penas. Craramente se olla que non hai sateira e que é a mesma canle a que embuda e dirixe a auga o reducio.

### OS MUIÑOS COMO BENS DE COMUNIDADES

Cáseque todos os muiños do Morrazo son de " herdeiros", quer isto decir que son varios os propietarios. Posiblemente, na fundación do muiño, fosen un , dous ou tres veciños, mais o deixarllo os seus herdeiros divideuse a proiedade quedando moi repartida, deli o nome de - herdeiros - que se lles da.

A proiedade do muiño contase en dias ou horas nun periodo de duas semáns, deixando libres os sabados pra mantemento. Un propietario pode tere un día e unha noite - 24 horas - cada quince dias, hai quen ten mais, pero tamen hai quen soio ten doce horas, e hastra seis horas nos quince dias.


O Domingo de Ramos era a data que se tomaba pra desprazar o día de moenda; de tal xeito, que o propietario que este ano tivera o muiño o luns, no seguinte correspóndelle o martes, e así os demais, correndo un día da semana cada ano. O que tiña o muiño o domingo tiña dereito a aproveitar as horas que o sabado quedara libre depois do mantemento.

Nos casos de partición do día en horas de proiedade, o que lletocara doce horas de día, de oito da mañán a oito do serán, na outra quincena tocáballe de noite, oito do serán a oito da mañán. Esta maneira de repartir o tempo de moenda presegua que no vrau non se perxudicara sempre o mesmo propietario, pois nos rios de pouca auga durante o día adedicase a regar asveigas de millo e non se moe, xa de noite hai deficultades.

Cada un destes muiños tiña unha soia chave que era depositada nun " posto ", caseque sempre era a casa do propietario de mais perto o muiño, mais procurabase que fora unha desas casas que sempre hai xente nela, unha taberna ou cousa así. Cando tocaba o muiño ibas a recoller a chave o posto, ou ben te puñas dacordo co que moeu antes ca ti, do xeito de facerte con ela. O acabar o teu tempo de moenda levabase a chave o posto, sempre que non houbera o devandito arrancho co seguinte propietario a moer.

Os gastos de mantemento, como pagarlle o picador, pezas que houbera que repor, ou calquer outro arrancho, repartíanse polas horas de moenda que tivera cada propietario, pagando proporcionalmente.

Algúns destes muiños non son de herdeiros, teñen un soio propietario, que en moitos casos o explota como un oficio, cando isto ocorre, ademais do nome propio do muiño, chamase " maquia ", algúns incluso soio teñen este nome, como veremos no inventario. - Maquia - é o imposto que cobra o muiñeiro por facer o traballo, e que pode sere en cartos ou en fariña, recordo que os nosos aldeans, cáseque sempre escasos de cartos, pagaban en especies, anque despois oíalos queixarse de que o muiñeiro metera moito a mau no saco. Contos hai referentes o asunto, nos que se conta como un saco chegaba a sere maquiado tres veces, polo muiñeiro, pola muller e pola filla.



Muiño da Choca moendo cebada. Rio Loira.

### MANTENEMENTO DO MUIÑO

O muiño como toda máquina, quer os seus coidados, e os propietarios asiñaron o sabado pro mantemento. As pezas do muiño que mais coidados esixen é a móo e o pé, pois co uso perden aspereza e quedalle restos da fariña pegados poñéndose lisos. Cando isto pasa o muiño non vai ben e non bota a fariña fora facendo unha pasta antra a móo e o pé, en tal dicese que esta - embolado -, é un aviso de que quer picado.

Estes muiños patarelos do Morrazo, como son pequenos e as móos manexables non soien tere ningun arteluxio pra mover a móo fora do muiño. Pra picalos levántase a móo coa cruceta todo o que se pode, de xeito que quepa o calcadoiro ou o ferro antre ela e o pé, entón, apalancando váise deixando cair pouco a pouco hastra pousala no chau do tremiñado. Posta asi, hai que ergela hastra que deixe ben descuberta a caña que frega co pé pra podere picala cun pico normal de canteiro. Ista laboura, anque sinxel, hai que facela con certa maestria pra que quede en bo punto de aspereza. Co pé, que xa quedou descuberto o apartarlle a móo, facemos o mesmo. O rematar, con unha basoura, barrense moi ben as areas, e procedemos a montar a móo encaixandoa na segurella. Pra elo, recostase a móo no pé e axudandonos do calcadoiro ou o ferro, vamola sobindo hastra que cubra o pé, entón ronzádoa dun lado e doutro encaixamos a segurella na moesca ca móo ten pra iso. Vaixase a cruceta e queda listo pra facer a moenda, anque o primeiro grau que se moe debe apartarse pois leva areas restos da picadura.

Outra parte do muiño que require coidados importantes é o reducio, con fódalas pezas que hai na bodega. De cando en cando conven repasar como estan os croios que calzan o rieiro, pois a forza da auga escavalle no fondo, moveas e torcese o rieiro, e en consecuencia traballareia mal o reducio, que qere decir o muiño. O grilo e a obradeira tamen queren revisadas e hai que coidar co reducio este ben apromado. Cando a obradeira se gasta, dásele volta e ponse unha das seis caras que esté ven; e o grilo se está moi gastadiño e non senta ben na obradeira, quitase e ponselle a outra punta, ou un novo si esta xa fose usada.

Pra todas estas operacións cambear o grilo, a obradeira ou poñer ben o rieiro, hai que desmontar o reducio, que requer desmontar a móo primeiro, logo sepárase a vara do touzo e xa queda libre o reducio pra sere manexado con certa comodidade.

A sateira quer tamen a su atención. Primeiro debemos vixilar e precurar que o cubo non perda auga entrela e as paredes, que está ben dirixida as penas pra que a auga pete con forza nelas, que ten tódalas mordazas e que a boca e a conveniente pra auga que leva o rio.

Moi de tarde en tarde hai que cambearlle a buxa, labou-  
ra que tamen requer desmontar a móo e o reducio, pois hai primeiro que sacar o lobete, logo dende a bodega, petase pra que saia pra riba. Pra buxa précurase sempre un pau aceitoso, oliveiro, buxo, figueira etc., que se fura polo medio a medida do lobete no que axusta. Cando a buxa está gastada bota o grau a rio.

Do mantemento periodico de muiño esta dito todo mais importante, podemos engadir que de vez en cando hai que arrancar o tellado, arreglar a presa ou a canle e coidar que sempre teña o canizo pra que non vá an paus e terróns a fondo do cubo que logo atouran a sateira.



A MOENDA

Agora que xa coñecemos todas as pezas do muiño polo seu nome, coñecemos o funcionamento, coidados que hai que prestarlle e normas polas que se rixe; vamos facer unha moenda.

Na vispera do día que sabemos nos toca o muiño, vamos o horreo, enchemos os cestos de bimios de espigas e debullamolas, botamos o grau nos foles, non sin antes medilo coa cunca - cesto de bimos que leva dous kilos - . As oito da mañan vamos pro muiño pasando antes polo posto a recoller a chave. Chegados, vemos se o cubo está cheo de auga e si esta ven pola presa ou canle con normalidade. Si así non fora procuramos botala pra dentro atrancando con pedras e terróns. O estare o cubo cheo botabamos a moer, non sin antes barrer o tremiñado coa basoura do muiño, pois sempre quedan restos e suciedades que caen do tellado, amen dalgunha cagalla de rato fariñeiro. Limpio o tremiñado, tapamos ca basoura o pase da muega a quenlla e libramos os foles de grau na muega hasta enchela. A muega soie levar dous ferrados de grau de millo, - trinta e dúas cuncas.

Tendo o cubo cheo de auga e a muega de grau, soio nos queda botar a moer.

Se o muiño ten paradeira, o encher a muega de grau, xa deixamos libre a saída da auga e xa se move o muiño. Se non ten paradeira e este apease pousado a móo completamente no pé, temos que desaferilo levantando a cruceta co calcadoiro que a su vez levanta a móo que se vai pondo en movemento. O andar o muiño regulamos a incrinación da quenlla pra que caia no ollo mais ou menos grau e esperamos a saia a primeira fariña pra elexir a moenda, pois si a fariña vai sere pra facer pan de broa ten que sere ben muda, si e pros animais pode ir mais brava. Cando haxa salido unha pouca fariña, barremos o tremiñado xuntando e o tauto vemos si nos gusta a calidade de moenda, baixando ou sobindo mais a móo según queiramos que sesa mais muda ou mais brava, e incrinando conveniente mente a quenlla, pra que o grau vaia caindo no ollo segun o demande o muiño, pois si vai moito embola e si pouco an-

da en van. Elexido o punto de moenda, esperamos un pouquiño a que xunte fariña e volvemos a tentar, entrementes xa estivemos poñendo o dorso da mau de xeito que o sair a fariña petase nél e por este tauto xa coñeciamos como iba a moenda. Cando todo vai ben pechamos a porta e marchamos, o muiño queda soio facendo o traballo.

O habere tanta diferenza na capacidade dos cubos, presión da auga, tamaño do reducio e da móo, hay tamen diferenza do rendemento da moenda que podemos por de catro a oito cuncas hora. Coñecendo o muiño, pola capacidade de moenda, sabemos a que hora temos quír a recoller a fariña, pois si o muiño non ten o arteluxio da paradeira, anda en van e pode rompere. Se o grau que se botou na muega e moito, e conveniente darlle unha volta por si parou por calquer causa e nos atopamos deli a horas conque o tempo pasou e o millo sin moer.

O tornar o muiño pra recollere a fariña, levamos unha saquetiña de centeo, que moemos depois do millo, pra logo facer un bo pan de broa.

Anque o muiño acabare de moer sempre queda un pouco de grau na quenlla, e na muega se ten paradeira. Facemos pasar o grau que quedou acercandonos co a mau o bico da quenlla, e incruso axudandonos a cair. Metese logo a basoura no ollo e faise xirar no sentido do muiño pra que ese resto de grau sesa moido. Entre tanto vamos barrendo o tremiñado e metendo a fariña nos foles, non sin antes aproveitar unha saquetiña de "olio" - a fariña máis mudiña que queda pegada o pe - pra facer unhas papiñas de leite ou unhas filloas. Cando notamos que rematou, pois bate a pedra contra a pedra, cargamos o centeo e regulamos a moenda, o centeo quer menos distancia entre pedra e pedra co millo.

Recollido o centeo apeamos o muiño, coa paradeira ou baigando a móo hastra que se pouse completamente no pé. Poñemos o saco no pousadoiro da porta, pechamos e vamos pra casa cheos de foula de pes a cabeza pero contentos coa muiñada da quincena.



## INVENTARIO

Neste inventario recollo os muiños que son ou que foron nunha data de vinte anos atrás, o mais lonxe. En todos estiven o pe, nos que poden entrei e baixei a bodega, en moitos non o poden facer por estar completamente domiñados polas silvas.

O nome rexistrado é polo que se lle coñece na actualidade, precurei preguntarlle a mais dunha persoa pra verificar a denominación, que nuns é o nome, apelido ou alcuño dos propietarios actuais ou danos a tras, - O de Andrés, Garrido, Camila, Cacholeira, Perendenga, Perilleira -, noutros o praxe onde estan asentados, - Allaris, Xaiba, Globada -, alguns dalle nome unha circunstancia cos distingue no rio, - Da Fonte, Da Laxe, Da Fonte, Do Esqueiro -. Os que toman nome do paraxe ou accidente xeografico son os que por mais anos e de mais antigüedad lle ven o nome. É de ver como o nome dos muiños repitese nos rios, sobre todo os que fan referencia a un accidente xeografico, abundan, - Da ponte, Da Fonte, Da Veiga, etc. -, hai veces que se repite no mesmo rio en diferentes tramos.

Estes pequenos rios e regatos a beira dos que estan postos os muiños, a esceución do Río Loira, ningun ten nome propio, e vaino collendo do paraxe por onde pasa. Os que llepoño un soio nome e o que recibe onde se atopan os muiños.

Como levo dito, os muiños atopanse completamente abandonados, e os primeiros que deixaron de moer foron os mais afastados dos nucleos urbans, por iso nunha calle de Bueu completamente urbanizada atopamos un muiño que moe, e o mesmo pasa no Río Loira.

O asentamento con respecto a discurrir do rio, distancia entreles e situacions de estradas e camiños non estan a escala, mais guiandose por estas estradas e camiños que cruzan os rios e sinalados nos graficos, e sinxel atopalos.

AXUNTAMENTO DE BUEU

Rio de Ermelo - Canudo - Obispo

Este rio que nace en Ermelo na falda do monte da Esculca, deli toma nome pra o primeiro tramo, vai verter a praia da Banda do Rio, na ria de Pontevedra.

No primeiro tramo atopamos dous muiños, que se coñecen polós muiños de Ermelo, o Dariña e o da Baixo. Rio a baixo chegamos o paraxe da Globada, onde contamos tres muiños o da Globada, Da Freixa e da Cacela. Non moen ningun.



Muiño da Cacela.

No tramo que chamase Rio do Canudo, nunha distancia de quinientos metros, pouco mais ou menos, hai vintecinco muiños, dos que soio moen cinco. Estan mestos, pero abandonados, pese a non sere lugares moi afastados dos nucleos rurais . No ultimo tramo deste rio estan mais espallados e soio moe ún, o Da Patata, que esta nunha calle urbanizada de Bueu.

AXUNTAMENTO DE BUEU

Parroquia de Bueu

Rio de Ermelo 1.1

Rio do Canudo 1.2

(Ermelo) Muiño Darriba



(Ermelo) Muiño Dabaixo



Globada

Corredoira a Ermelo

Freiza



Cacela



Camiño veciñal Outeiro Meiro

Camiño veciñal Graña -Meiro

O da Laxe



Da Presa



Foceira



Ardeira



Mandado



Santos



Vilas



Conto



Muiño Novò



Pombo



Andrés




Mineira



Lourizana


Estrada PO-320 Bueu - Cangas

AXUNTAMENTO DE BUEU  
Parroquia de Bueu  
Rio Dobispo 1.3



Os muiños deste río son todos de cubo, e a maoria deles de herdeiros, deli o abandono en que se atópan, pois o sere de moitos uns por outros abandonanse.

Contabiliceí trinta e sete muiños neste río.



Canle do muiño de Andres.

#### Regato de Portocarreiro

Este regato que así se chama no primeiro tramo, nace no lugare do Río, na parroquia de Cela e verte na praia de Agrelo co nome do Río do Inferno. Souprendeume pola cantidade de muiños a súa beira, e tamen que non moa ningún, atravesando unha das zonas agrícolas millores de Bueu.

Moitos dos muiños deste regato son de canle, é onde mais atopei deste tipo.


Contei vinte muiños.

PARROQUIA DE SANTA MARIA DE CELA  
AXUNTAMENTO DE BUEU

Nesta parroquia, rica en auga, con fe rteles terras de labor, rica en millo e sonado viño, temos dous rios que facian mover a trinta e nove muiños.


O regato de Porto Carreiro, que nace nos montes do Burgo e baixa hata a praia de Agrelo, collendo no derradeiro tramo o nome de Rio do Inferno, atopamos vinte muiños dos que non moen ningún.

O outro regato, que nace nos montes de Chans, na Devesa Nova, vai baixando polo corazón de Cela e tomando o nome dos parxes por onde pasa, vertendo o mar no extremo norte da praia de Agrelo, caseque lín-deiro coa praia de Porto Maior. Neste río encontráanse dezanove muiños dos que só moe ún, o muiño da ponte.




Muiño moendo

AXUNTAMENTO DE BUE  
Parroquia de Cela  
Regato de Porto Carreiro 2.1



AXUNTAMENTO DE BUEU  
Parroquia de Cela  
Rio do Mouro 3.1






PARROQUIA DE SANTA MARIA DE BEIUSO  
AXUNTAMENTO DE BUEU

Do axuntamento de Bueu, e esta a parroquia mais escasa en auga con soio dous regatos no lugare de Bon. Un de estes regatos, o de Noceda, moveu catro muiños : O de Noceda, Avical, Do Cura e o de Reventons, caseque na praia de Reventons. Non moen ningun.

De todos os muiños inventariados neste traballo, merece especial nomeamento o muiño de Avical. Este muiño que o atopamos no regato de Noceda no lugare de Bón, a mellor forma de chegar a él é por unha pista de monte que, dende a estrada C - 559 Bueu - Aldán, see a dereita a poucos metros de pasar a curva de Noceda, indo para Aldán. Baixando por esta pista ata caseque chegar o rio, atopamos polo lado de abaixo, acobexado entre os piñeiros o muiño de Avical.



Muiño de Avical

Amostranos este muiño unha longa e fexmosa canle que leva a auga o cubo, que feito con aros de pedra a xeito dos aros de hormigón que agora se fan para os pozos, bloque redondo de pedra baldeirado, e o cubo que desenrola mais outura de todos os estudados neste traballo, nove metros do peitoril a bodega, unha casa de dous pisos e planta baixa. Na devanceira fotografía vemos sobresair o cubo como un torreiro, sobor do ras do tellado.

Tamen se pode ollar na fotografía, que na parede oeste de este muiño, na que da o río, presenta en cada esquina unha especie de "cariatide", ou "modillón". Abraioume este achado, posto que é unecó muiño que amosra tal feito, e que o ennoblece, pois propio é de casa nobiliarias tal ostentación de arte.




Canle do muiño de Avical



Detalle do peitoril do cubo (Muiño de Avical)

Outra particularidade de este muiño, como xa mentamos o falar do reducio, era que esta roda motriz tiñana de pau, sendo o único constatado de tal feito na Península do Morrazo.

A capacidade do cubo e amplitude da badega fai presupor un reducio de grande diámetro, testemuñando un extraordinario rendemento na moenda, o propietario, e muiñeiro de este muiño, falabame de mais de seis cuncas por hora, mais de doce kilos de gran. Isto supón un rendemento tres veces superior o do muiño mais lixeiro dos estufados neste traballo.



Muiño de Avical. Detalle

Rio de Pastoriza

Na aldea de Pastoriza temos tres regatos con muiños. Por unha banda o rio de Pastoriza que é o que mais muiños ten, contei dez, o primeiro moi escondido e cerca da aldea, delí que lle chamen o muiño "Da Aldea" en Pastoriza, neste rio é o unico que moe, anque tamen estan en condicións de moere o da Rectoral, asentado cerca da casa rectoral de Santa Maria de Ardán desviando a auga do rio.


Este regato baixa por unhas carballeiras como poucas se atopan hoxe, e unha ledicia a sombra agarimosa daquel paraxe. Na actualidade con comunicación en coche dende Ardán e dende Cruz de Maceira, val a pena ire.

Neste complexo, temos o regato de Xaiba co muiño da Espedrada e o da Xaiba, e temos tamen o regato da Bouciña que nace na falda norte do Castelo e baixa o Santo, co muiño da Bouciña que está no medio das casas de Ardán a beira dun camiño da aldea, hoxe asfaltado. Tamen moe este muiño.



O Muiño da Aldea entre carballos.

AXUNTAMENTO DE MARIN  
Parroquia de Ardán  
Rio de Pastoriza 4.1




AXUNTAMENTO DE MARIN

Rio Loira

É o mais caudaloso de toda a bisbarra e conserva o nome en todo o recorrido. Nace en Allaris e verte na praia de Loira.


Na mesma praia, no medio dun piñón de casas atopamos o muiño da Cacholeira, que moe cando esta a marea baixa, a preamar non lledeixa sair a auga do cubo. Na mesma construción hai dous muiños, un deles abandonado. Este muiño da cacholeira tén a móo tan gastadiña que xa llecairon pedazos, e ten tan pouco peso que pra apealo hai que detelo coas maus, pois non tén paradeira, e anque esté a móo completamente pousada no pé non para; un vez detido, por inercia quedase quedo.



Muiño da Cacholeira. Ouserven o delgada da moo.

No primeiro tramo do rio, empezando na praia e sobindo

rio arriba, hai moi bos muiños, varios con dobre cubo anque tamen abandonados. No segundo tramo do rio, entre a estrada de Pontevedra a Cangas e o camiño veciñal a Torre, moen dous o da Choca, que é "maquia" e o da Corresedeira, mais anque os dous son de dobre cubo soio usan ún. Estes muiños do primeiro e segundo tramo do rio soien tere o cubo pequeno e unha sateira que permite moita saída de auga. Isto pode facerse nun río como o Loira que nos tramos de desembocadura leva moita auga.



Muiño da Choca

As construcións que tiñan dous muiños, un deles solía sere "albeiro", - chamase así os muiños adicados a moere trigo ou centeo, pero sobre todo trigo, estes muiños tiñan unhas moos especiais que libran a fariña da casca do grao quedando moi branquiña, delí o nome de albeiros.- En caseque todos ríos hai algun muiño que se chame así.

Sobendo polo río, entre o camiño veciñal a Torre e a estrada de Santomé de Piñeiro hai soio dous muiños que moen, o da Torre e o de Garrido. O muiño da Torre, recentemente restaurado, xa acusa o progreso, pois na buxa puseronlle unha caixa de bolas.





Un dos cubos do muiño da Correxedeira. Ouservese a pouca capacidade.

Neste tramo de río, era muiño importante o de Pazos, tiña tres cubos, un deles con muiño albeiro. Este muiño, inda sendo unha boa construción, esta igualmente abandonado, dúas das bodegas teñen aínda o reducio. O muiño da Ponte, neste tramo do río é co do Neto, os únecos que atopei de canle neste río.



Canle do muiño da Ponte.-




Neste último tramo de río, que proiamente debemos chamarlle "primeiro", denpois de cruzar a estrada de Santomé de Piñeiro, atopei cinco muiños que moen, os cinco arréo. Ten espricación porque estes muiños non son de herdeiros e estan moi ben comunicados e cerca do lugare de Esperela e Santomé. Neste paraxe, os bidueiros, salgueiros e amieiros que xalonan o río, foron sostutidos por maceiras e cerdeiras...




Paraxe dos primeiros tramos do río Loira, onde as maceiras sustituiron os amieiros.

No río Loira atopei 52 muiños dos que moen soio dez.


AXUNTAMENTO DE MARIN  
Parroquia de Loira  
Rio Loira 5.1



AXUNTAMENTO DE MARIN  
Parroquia de Santomé de Piñeiro  
Rio Loira 5.2



AXUNTAMENTO DE MARIN  
Parroquia de Santomé de Piñeiro  
Rio Loira 5.3




Rio Lameiriñas

Neste río, que tampouco ten nome propio en todo seu recorrido, hai muiños. Xa en Marín atopamos dous que moen, e son os únicos no río.


O muiño de "Coirados", xa foi reconstruído parcialmente en ladrillo, mais volve a estare completamente abandonado. Algúns dos muiños de este conxunto no están propiamente no río, se non en outros regatos que logo veñen a él, tales como o de "Cachupeiro", Balado e Sacristan. Neste conxunto é de mentar o muiño do Briasco. Case todos os muiños estan moi pegados o río como escondidos nos recovecos da conca antros ramaxes. O muiño do Briasco esta nun promontorio, mais que muiño parece un torreiro de vixia.

Neste conxunto de regatos contei once muiños.




Muiño "Do Briasco"

AXUNTAMENTO DE MARIN  
Parroquia de San Julián  
Rio Lameiriñas 6.1



AXUNTAMENTO DE MARIN  
Parroquia de San Julián  
Rio Lameiriñas 6.1




AXUNTAMENTO DE CANGAS

Este axuntamento non e tan rico en muiños como Bueu e Marin, mais ten os seus. Lindando con Bueu, o primeiro rio que atopamos con muiños é:

Rio Orxás

Dividimos este pequeno rio en dous tramos, un dende Gandón hastra cruzar a estrada que dende Mendiña vai a Sampedro, pasando por Herbello. Neste tramo atopanse tres muiños que non moen ningún. No resto do rio hastra a praia de Aldán, hai nove muiños, moendo soio o do Sangarello, recentemente restaurado. Neste derradeiro tramo, lindando coas terras do Conde de Canalejas, señores de Aldao, atopamos unha frondosa caballeira con arbores centenarios. Alguns destes muiños, chamados da Torre, non os visitei por estare nos terreos do conde, completamente amurallados.




Muiño do rio Orxás



AXUNTAMENTO DE CANGAS

Parroquia de Aldán

Rio Orxás 7.1



PARROQUIA DO HIO.-

Nesta parroquia os muiños estan moi espallados e a es-  
ceución da aldea de Vilanova que no

Regato de Amieira


.. Neste regato atopei seis muiños. Por mais que pereguntei non me souperon decir o nome deles, dixéronme que lle chama-  
ban simplemente muiños, todo mais que conseguin foi saber que o  
último, cerca da praia, nómano de "Lagoa", nome do paraxe onde es-  
ta asentado.

Poucos muiños teñen data de construción, mais aqui en  
Vilanova, hai un que ten duas datas, 1.818 e 1.884, o resto das  
letras de difícil lectura. Poida que a primeira sea de fundación  
e a segunda obedeza a unha restauración. Este muiño era do cura-  
to e leva unha cruz grabada a esquerda dos datos. Hai dous mais  
que tamen teñen grabada unha cruz e coñecemos por muiños da "Ca-  
pela".

Os outros muiños desta parroquia atopanse, dous en Lo-  
brei, ún en Arnelas é dous na aldea de Donón, cerca da praia de  
Barra, chamados de Lagoas e Freixeira.

Falaronme dun muiño na praia de Nerga, e a lo fun. En  
preno areal atopei o resto dunha construción dún muiño. Conserva  
parte da canle, pero esta moi destruido, tanto que chega a entra-  
re dudas encanto a entidade como tal muiño, pois non se asemella  
a ningun dos vistos hastra agora toda vez que non deferencias a  
típica bodega e o correspondente tremiñado. Poida que sufrera  
unha derradeira transformación. Pereguntei na aldea a xente be-  
lla e aseguraronme que non habia dez anos que a inda moia. Este  
muiño chámano "Do Rio". Mais arriba no mesmo regato, no paraxe  
de Lagares, hai dous mais.


AXUNTAMENTO DE CANGAS  
Parroquia de San Andres de Hio  
Aldea de Vilanova  
Regato de Amieiras 8.1



Rio Bouzós

Este rio que atravesa a parroquia de San Salvador de Coiro, nace na Serra de Coiro, e mainamente pasa polo vals de Novás, Retirosa e Reboredo pra ir verter polá praia de Rodeira na fermosa ria de Vigo, ten muiños. Como poidera sere menos un rio que rega tan ferteles terreos atestados de exuberantes milleirales e ricas hortas de repolos, tomates e pementos.

No primeiro tramo, dende o nacemento hastra pasar baixo a estrada que dende Sampedro vai a igrexa de Coiro, atopamos catro, deles moe o de Souto, que esta mesmo pegado a devandita estrada. Desta estrada pra baixo, no vals de Novás, hai trece, dos que moen tres, e algún anque agora hai tempo que non moe, conservase ben e poidera porse a moere si fisera falta.




Un muiño do rio Bouzós

Neste rio merece prestarlle especial atención o muiño de Novás, pois ademais de sere un dos poucos que moen, ten un arteluxio que non atopei en ningun outro.


Cando e describir as pezas do muiño falaba da sateira, decia que a taboa darriba non iba cravada e podia deste xeito regularse a abertura pra saída da auga segun a época do ano. Mais pra facer esta operación de abrir ou cerrar a boca da sateira, había que baixar a bodega, sacarlle as mordazas a sateira, poñer a lengoeta a xeito e volver a pór as mordazas. Neste muiño esta operación faise dende o tremiñado. Ten un ferro que se chama fixo que vai sungido a lengoeta da sateira a que deixaron unha pequena floxidade pra podere desprazarse pra arriba ou pra baixo.

Todos os muiños deste regato son de cubo, pero cubo inclinado e mais ben pequeno, quizas porque o regato non e moi caudaloso, tanto, que no vrau totalas augas se adedican o rego do millo en non moen os muiños nin de día nin de noite.



Un reducio derramado

AXUNTAMENTO DE CANGAS  
Parroquia de Coiro 9.1  
Rio Bouzós



AXUNTAMENTO DE MOAÑA

Parroquia de San Martiño de Abelendo

Regato de Rial da Arca.-

Neste regato, dende a estrada que de Moaña vai a Crus de Maceira, atopei seis muiños dos que soio moe o de Xanchilan, o primeiro baixando.


Regato do Redondo.-

Xa éste outro regato é mais rico en muiños, hai que decir tamen, que baixa por unha zona de abundantes milleirales, como Sabaceda, Paradela e Berducedo. Unha vez mais se confirma a relación entre o millo e os muiños deste estudo, aparexamento que xa vimos ouservando en outros axuntementos e aldeas.



Bonita estampa dun muiño do Regato do Redondo

Se devidimos este regato en dous tramos, seria o primeiro, o comprendido antra a estrada que de Moaña vai a Crus de Maceira é a que dende ésta vai a praia de Moaña pasando por Paradela e Berducedo.



Longa e importante canle do muiño de Dornas

Neste primeiro tramo, ademais do muiño de Dornas con unha longa canle e grande cubo, que segun calculos da actual proprietaria foi feito por seu abó sobre 1.853, merece ser mentado o muiño Da Garasola. Contábame un dos campesiños do lugare, que tiña moita capacidade de moenda, faluome de un ferrado por hora, e que a fari fariña deste muiño, tanto de millo como de centeo facia unha bróa mais sabrosa; hoxe, como case todos, non moe.


O muiño de Jarocas ten grabada nunha pedra da porta a seguinte inscrición:

MANUEL COUSO .. MUIÑO ..  
EN EL AÑO 1.829

Tamen no muiño de Piñeiro hai varias grabacións nas pe-



dras da porta, non conseguin leere con craridade a data, pero si o nome de MANUEL COUSO, que se repite neste muiño, o que me fai pensare que poidera sere o construtor, mais que o neme do dono, non ostante uns raparigos que andaban os páxaros, dixeronme que aquel muiño era deles e apellidabase Couso.




Cubo do muiño de Piñeiro


No segundo tramo dende o primeiro cruce da estrada hasta a praia, abundan os muiños, pero soio moen o de Carballo e o da Codiceira darriba.

Neste regato contei vintecinco muiños.

AXUNTAMENTO DE MOAÑA  
Parroquia de Sanmartiño (Abelendo)  
Regato de Rial da Arca 10.1




AXUNTAMENTO DE MOAÑA  
Parroquia de Sanmartiño (Abelendo)  
Regato dos Redondos 11.1



AXUNTAMENTO DE MOAÑA


Regato dos Redondos 11.2



PARROQUIA DE SANTA EULALIA DE MEIRA

Rio da Fraga

Este rio que nace na falda oeste do monte Faro de Domayo, baixa fondo e rumoroso pola Fraga hastra chegar as hortas de Meira, pequena aldea acobexada entre os montes, destes muiños moen dous. Rio a baixo os primeiros muiños que moen son o de Felipe e o de Venanza, que estan xuntos. A auga chega a eles por unha canle de hormigón, recentemente feita sobre a antiga presa, ten 250 metros de longo dende a toma do rio hastra o muiño; foi costeada polos donos des muiños e polos veciños que teñen veigas pra regar.




Muiño de Venanza moendo millo.


Na foto vemos o muiño de Venanza en prena moenda de millo non se apreucia o espallamento da fariña, por habere pouca auga e o muiño ir maino.

Neste rio atopamos varios muiños que se coñecen polo nome de muiño de Fus. Este foi un muiñeiro que se adicaba a moer pra

fora -MAQUIA- , e foi mercado muiños que a xente doulle o seu nome que é o que recordan na actualidade, anque xa teñan outros donos.




Muiño de Venanza. Pala de encher o fol.



Muiño Do Sangarello, completamente destruído.

No muiño do Abade, aparece a data de 1.834, moi coincidente cas outras que fun atopando noutros rios. É o do Abade moi bó muiño con dous cubos pra moer millo. Pereguntei se algun deles era albeiro, e non mo acrararon, pois decian se albeiro era outro muiño que hai na mesma finca co nome de Fus.



Muiño do Abade con ancha canle e dous cubos.

Neste rio, de vinteito muiños moen cinco.

AXUNTAMENTO DE MOAÑA

Parroquia de Santa Eulalia de Meira









Rio da Fraga - Meira 12.1

---

Estrada dende Broullón a Meira pola Fraga

---

Xalda   
Souto   
Pereiro (M)   
Rey (M)   
Fus 

 Inferno  
 Coto Darriba  
 Coto Dabaixo  
 Fus  
 Amaro  
 Novo  
 Lagoas  
 Meiriñas  
 Torto  
 Ponte  
 Felipe (M)  
 Venanza (M)  
 Veiga  
 Capela  
 Sampedro (M)  
 Seixo  
 Cordeiras  
 Sangarello  
 Fus  
 Abade  
 Buraca  
 Pozo Negro  
 Ponte

---

Xunqueira - Praia de Meira



PARROQUIA DE SAMPEDRO DE DOMAYO

Rio do Santo

Coñécese este río co nome Do Santo, porque pasa a beira dunha ermida a san Benitiño. É un río alpestre e bravo, que baixa en rapeda pendente sobre un leito de penas vivas.




Leito de penas do río Do Santo. (Domayo)

Este río non ten o encanto agarimoso dos que nacen e descurren pola ladeira oeste do Morrazo pois fáltalle aquela vexetación exuberante que xalona o camiñar dos novos ríos. Este baixa entre penas, con un paisaxe seco e alpestre. Poucos son os muiños acobexados a su beira, pois o río e o entorno non son amosos pra acollelos, polo que o asentamento fiserono distancian-dos buscando sitios apropiados, sen emportarlles levar a auga por presas e canles, relativamente a longas distancias.


Neste río atopei vinteun muiño, dos que moen soio dous. Moitos están moi desfeitos e deixaron de moer hai máis de vinte

anos, a estes nos contei no inventario nin figuran nos graficos.



Muiño do río Do Santo. (Domayo

AXUNTAMENTO DE MOAÑA  
Parroquia de Sampedro de Domayo  
Rio do Santo 13.1



Regato de Verdeal


E este un pequeno rio que igual que o seu veciño o do Santo, baixa rápedo sobre un leito de laxes, e igualmente ten os muiños alonxados da beira do rio os que lle chega a auga por presas e canles. Son rios deficiles do monte Faro de Domayo.




Laguna da Moura.- Chamase asi porque din que as noites de lua aparencia a peitarse unha docela Moura.(Ouservese o leito de laxes por onde baixa o rio)

No primeiro tramo, cerca da escondida aldea de San Lourenzo, estan os muiños da Lebre, son cinco, mais soio se manteñen en pe dous que xa non moen; os tres primeiros estan moi destruidos, algus dende mais de vinte anos.

Do muiño da Máquina souprendeume a gran canle e o fondo cubo vertical de aros de pedra vaciada. Esta é unha forma de cubo que soio atopei en algus muiños do rio do Santo e neste. Son cubos moito mais traballados, hai que vaciar a pedra pra facer os aros, mentras que nos outros que vimos hastra agora eran lousas adosadas.



Muiño da Lebre.



Muiño da Máquina.- Ouservese o alto cubo vertical de aros de pedra, asi como a longa e alta canle.






Outra vista do muiño da Máquina, onde se ve o rebosadeiro

O muiño do Sastre, tamen con cubo vertical de aros de pedra ten un curioso rebosadeiro. O ultimo aro do cubo remata con un picho que verte nunha taza con canaleta que desvia a auga.




Rebosadeiro do muiño do Sastre.



Muiño do Sastre.

Nesta outra vista do muiño do Sartre, domiñamos o fondo, contrastando coas centenarias pedras, a lanzal figura da ponte de Rande que xunge as duas ourillas da ria de Vigo.

AXUNTAMENTO DE MOAÑA .  
Parroquia de Sampedro de Domayo  
Rio do Verdeal 14.1





AXUNTAMENTO DE VILABOA

Parroquia de San Adrián

Tal como vamos de Domayo, a dereita e moi cerca da estrada que nos leva a Vilaboa, atopamos dous muiños no regatiño da Costa, e mesmo pegada a eles unha moderna casa que contrasta.




Muiños da Costa.

Rio Mayor

Bonito río que baixa, non sei decir se unindo ou separanda as parroquias de San Adrián e Santa Cristina, eu mais ben creo que os casa. Volvemos nestes paraxes a refrescarnos coa agarrimosa sombra dos salgueiros, carballos e amieiros que tanto botei de menos nos ríos do Santo e Verdeal. Aquí a auga baixa maina e ruidosa entre milleirales e viñedos os que fefresca e ferteliza.


No lugare de Muiños, entre outros, sinalamos os muiños de Zaballo e de Curra, en moi bo estado de conservación por fora


son de perpiaño moi ben traballados. Non moen.



Muíños de Zaballos e Curra. Rio Mayor

Mais arriba, na Cardaña e de ver a colonia que forman  
o muiño do Cego, Macucas e o Novo; moen os tres.






Muiños do Cego, Macucas e Novo. Outra vista.

Contei neste rio trinta e un muiño.


AXUNTAMENTO DE VILABOA

Parroquia de Santa Cristina e San Adrián

Rio Mayor 15.1



AXUNTAMENTO DE VILABOA  
Parroquia de Santa Cristina e San Adrian  
Rio Mayor 15.2




Regato de Villil

Pequeno regato con soio seis muiños dos que non men ningún.


Rio Trasmil

Chegamos así o último río deste traballo o que non atopamos particularidades que reseñar, é un mais entre os dezasete tratados. Ten dezaquito muiños dos que soio moe o de Pallas.




Muiño de Tomarosa.

AXUNTAMENTO DE VILABOA  
Parroquia de San Martiño  
Regato de Villil



AXUNTAMENTO DE VILABOA  
Parroquia de San Martiño  
Rio Trasmil





CADRO DE ESPALLAMENTO

B U E U

<u>Rios e regatos</u>	<u>Ernelo Canudo Obispo</u>	<u>Portocarneiro</u>	<u>Mouro</u>	<u>Noceda</u>	<u>Totales</u>
Muiños	37	20	19	5	81
Moen	6		1		7

M A R I N

<u>Rios e regatos</u>	<u>Pastoriza Benciaña Xaiba</u>	<u>Loira</u>	<u>Laneiriñas Balado Cachupeiro</u>	<u>Totales</u>
Muiños	10	52	11	86
Moen	1	10	2	13

C A N G A S

<u>Rios e regatos</u>	<u>Orxás</u>	<u>Amieiras</u>	<u>Lobrei</u>	<u>Freixeiras</u>	<u>Bouzós</u>	<u>Totales</u>
Muiños	12	6	3	5	22	48
Moen	1				4	5

M O A Ñ A

<u>Rios e regatos</u>	<u>Rial da Arca</u>	<u>Redondo</u>	<u>Fraga</u>	<u>Souto</u>	<u>Verdeal</u>	<u>Totales</u>
Muiños	6	25	28	21	14	94
Moen	1	3	5	2	1	12

VILABOA

<u>Rios e regatos</u>	<u>Da Costa</u>	<u>Mayor</u>	<u>Villil</u>	<u>Trasmil</u>	<u>Totales</u>
Muiños	2	25	6	18	51
Moen		5		1	6

Muiños . . . 360  
Moen . . . 43

OS CANTARES

O muiño, non soio está presente no folclore galego, se non que ocupa sitio de honra. Abundan as cantigas e adiviñas en col do muiño.

Rosalía de Castro, musa da nosa xente, campos e costumes, ten nos Cantares Gallegos unha bonita alusión o muiño como centro de reunións e pintanos, cos mais vivos cores, un cadro de alegría, esparcemente e amores.

Dempois á aurora  
Co seu sembrante  
Feito de rosas  
Veu a alumbrarme;  
E vin estonces  
Antro ramaxe  
De olmos e pinos,  
Acobexarse  
Branca casiña  
Con palomare,  
Onde as pombiñas  
Entran e saen.  
Nela se escoitan  
Doces cantares,  
Nela garulan  
Mozos galantes  
Cas rapaciñas  
Doutros lugares.  
Todo e contento,  
Todo e folgare,  
Mentras a pedra  
Bate que bate,  
Mole que mole,  
Dalle que dalle,  
Con lindo gusto  
Faille compases.

Non hai sitiño  
Que mais magrade  
Que aquel muiño  
Dos castañares,  
Onde hai meniñas,  
Onde hai rapaces  
Que ricamente  
Saben loitare.  
Onde rechinan  
Hastra cansarse  
Mozos e vellos,  
Nenos e grandes;  
E anque non queren  
Que aló me baixe,  
Sin que o souperan  
Na casa naide  
Fun o muiño  
Do meu compadre,  
Fun polo vento,  
Vin polo aire.

Moito da nosa picaresca amorosa tivo o muiño como fondo,  
a miudo atopamos con cantigas de citas, desengaños, agradecimentos,  
etc. . Antre tantos , facemos unha escolma dos recollidos nas parlas  
cos campesiños no traballo do campo pra localizar os muiños e nomes.

Dios Cho pague Churrusqueira  
teneñoche da agradecere,  
Cando vou o teu muiño  
sempre me deixas moere.

.....

O meu home foi de troula  
e veu cheo de fariña,  
él muiñeiro non é  
eu non sei a quen se arrima.

.....

Fun o muiño de Telba  
e non vin a muiñeira,  
non teño a quen dar as peras  
que levo na faltiqueira.

.....

O muiño do veciño  
xa lle entendo o tangarello,  
cando está alto baixalo  
e cando está baixo ergelo.

.....

O muiño truñula troula  
a auga faino troular,  
a ladra da muiñeira  
rabea por se casare.

Marica foi o muiño,  
moeu un saco de pache,  
e no medio do camiño  
atopou co seu veciño  
que ten sona de larchante.

Canto tardou en moalo  
non volo poido sabere,  
soio que dixo Tadeo,  
que o raio do tarabelo  
non paraba de moere.

Dende entón xa non volveu  
Marica polo muiño,  
nin tampouco apareceu,  
inda rogandolle o eeu,  
o larchán do seu veciño.

É aveces o muiño motivo pra botarse sona de traballadora  
e cobizosa, como na copra que di:

Fun unha noite o muiño  
cunhun ferrado de centeo,  
eu barrin e refaixei,  
e xuntei ferrado e medio.

Tamen esta presente no folclore do muiño a cantiga despeu-  
tiva o oficio de muiñeiro, ahí a mostra:

Non quero ser muiñeiro  
nin barrer o tremiñado,  
que despois no outro mundo  
piden conta do roubado.

¿ E como non ?, nas cantigas de berce ten o seu sitio o  
en col do muiño:

O meniño chora, chora

Quen no a de calentar,  
sua nai vai no muiño  
e seu pai vai traballar.

.....

Ora meu meniño ora  
non chores desa maneira,  
o teu pai foi no muiño  
a tua nai na leña seca.

Durme meu meniño durme,  
durme se queres durmir,  
a tua nai volvera cedo  
e teu pai logo a de vir.

É o muiño a veces pé de historias tristes, pois o umbrío do paixase, a soledade, a noite, etc., prestan marco ideal pra venganzas, pra cobizos de bens ou de amores. Algunhas nos contaron.

Para rematar esta escolma de cantigas adicadas o muiño, engado estes versiños, que letra a letra, pasiño a pasiño, van nos describerndo o muiño a su laboura e o oficio de muiñeiro. Aqueles que coñecemos o muiño e o seu funcionamento, o leelos non podemos evitar a sursisa, pos con sinselez fainos lembrar as veces que fixemos de muiñeiros.

Por tere dubidas da paternidade da copla, deixona anónima, pero non sen decir que as miñas mans chegou como procedente dun antergo muiñeiro.

O MUIÑO DE AUGA

Catro paredes de rebos  
con xeito de unha auga soia,  
dentro ten o tremiñado,  
co pé e a mó que roda.

Na bodega esta o reducio,  
i a auga que sere do cubo  
apretada da sateira,  
faino dar voltas e voltas  
porque ten xeito de embudo.

Da mueja vai saíndo o gran  
retembrando o cacarexo;  
i o redor do pé críndo  
a fariña co pelexo.

Cando o millo esta moido,  
barrese o tremiñado,  
a fariña vai para o fol  
e hai que saber calcalo

Soio se calca nos lados,  
polo medio nin migallo;  
ten que quedar para o muiñeiro  
a maquia, o seu traballo.

O pé , e tamen a mó,  
cada oito dias picalo,  
que si o gran e verdellón  
pode quedar embolado,

No vrán , cando hai pouca auga  
hai que dormir no muiño,  
por fora do tremiñado,  
tumbado en follas de millo.

Os ratos no tremiñado  
fan buratos para roer,  
pois Deus, que o mundo fixo,  
mandou a todos manterse.

Non e moi bo de levar  
o tere que sere muiñeiro,  
se o millo non acrecenta,  
nunca podes ter diñeiro.

Hai unha copra moi bella  
adicada os muiñeiros,  
i eu que tamen o fun  
vouna a escribir pros vindeiros,  
anque outros rouban mais  
e van para o ceo direitos.

"Non queiras ser muiñeiro,  
nin barrer o tremiñado,  
porque ala no outro mundo  
piñen conta do roubado."

BIBLIOGRAFIA

HISTORIA DE GALICIA .- Ramón Otero Pedrayo

CONSTRUCCIONES POPULARES GALEGAS.- Begoña Bas López

DIÁLOGO Y TRADICIONES POPULARES.- Vicente García de Diego

O ESPALLAMENTO DO MILLO.- Xan Carmona Badia (REGA, 1 - 1.979)

ESPASA CALPE .- Datos históricos e legislativos.